CONTIDO DA FOLLA DE RECLAMACIÓN FACILITADA POLO DEPOR

1º PARTE: EXPÓN

PARTE COMÚN PARA TODOS, TODO O QUE NON ESTÉ SUBRAIADO // ENGADIR UN FOLIO SE É NECESARIO E FIRMALO TAMÉN

Son persoa abonada do **Real Club Deportivo de A Coruña, S.A.D.** (nº_____), con localidade na bancada **Marathon Inferior**, e renovei o meu abono co único obxectivo de conservar a miña localidade, número de abonado/a, antigüidade e demais dereitos asociados.

Nesta campaña de abonos. Obrigóuseme a realizar a renovación de forma presencial na **Oficina de Atención ao Deportivismo (OAD)**, sita na **Avda. da Habana, s/n, Estadio ABANCA-RIAZOR**, e a aceptar unhas condición cas que non concordo, cando a non renovación pode supoñer a perda da miña localidade ou doutros dereitos asociados.

En particular, a **Norma 3.8** das condicións permite ao Club obter e conservar copia ou imaxe do documento identificativo exhibido cando o considere necesario para a identificación do titular, prevención de uso fraudulento, aplicación de medidas reforzadas de control, cumprimento de obrigas legais ou defensa dos seus intereses. Considero que a finalidade de verificar a identidade non lexitima, por si soa, a esixencia xeralizada de obter ou conservar unha copia ou imaxe completa do DNI ou documento identificativo. Se a identificación pode realizarse mediante a simple exhibición do documento, mediante os datos que xa constan ao Club ou mediante a comprobación de extremos identificativos concretos, a conservación do documento íntegro resulta excesiva e contraria ao principio de minimización de datos. A posible infracción prodúcese xa desde a propia solicitude dun dato ou documento non necesario para a finalidade perseguida. Así mesmo, a utilización dunha fotografía ou imaxe do documento por mera comodidade operativa non xustifica o tratamento se o mesmo obxectivo pode acadarse por medios menos invasivos para a persoa abonada.

PARÁGRAFO AMARELO SÓ SE NON CHE DERON AS CONDICIÓNS CANDO QUIXECHES ASINAR

Ademais, no momento de acudir á **OAD** para a renovación, solicitei poder consultar ou acceder ás condicións específicas de Marathon Inferior antes de renovar ou aceptar a súa aplicación, indicándome que non se facilitaban nese momento por estar xa remitidas ao correo electrónico da persoa socia. Esta negativa resulta especialmente relevante porque me consta que as condicións puideron ser obxecto de cambios ou modificacións, polo que considero imprescindible poder acceder á versión completa, actualizada e definitiva no propio momento da renovación. A falta de entrega ou consulta nese momento impide ou dificulta unha posibilidade real, completa e efectiva de coñecemento das condicións antes de quedar vinculado/a, especialmente ao tratarse de condicións particulares novas, complexas e gravosas, cuxa aceptación se esixe para conservar a localidade, número de abonado/a, antigüidade e demais dereitos asociados.

PARÁGRAFO VERDE SÓ SE TENTACHES DE ASINAR NON CONFORME PRESENCIAL

Así mesmo, no acto de renovación indiquei a miña vontade de deixar constancia de que a eventual sinatura ou aceptación das condicións se realizaba **"non conforme"**, co fin de reservarme futuras accións, ao considerar determinadas cláusulas non transparentes, desproporcionadas ou potencialmente abusivas. Porén, indicáronme que o Club non permite formalizar a renovación engadindo esa expresión, ao afirmar que nese caso a sinatura non sería válida. Considero que esta negativa agrava o carácter imposto das condicións, pois colócase á persoa abonada ante a alternativa de aceptar íntegra e incondicionadamente unhas condicións discutidas ou arriscarse a perder a súa localidade, número de abonado/a, antigüidade e demais dereitos asociados. Por iso deixo constancia expresa de que a renovación se realizou unicamente para evitar a perda destes dereitos, sen aceptación pacífica das cláusulas impugnadas nin renuncia ás accións que poidan corresponder.

PARA "NON CONFORME" RENOVACIÓNS ONLINE

Así mesmo, no acto de renovación online, quixen deixar constancia de que a aceptación das condicións se realizaba **"non conforme"**, co fin de reservarme futuras accións, ao considerar determinadas cláusulas non transparentes, desproporcionadas ou potencialmente abusivas, pero non se daba a opción.

PARÁGRAFO AZUL SÓ PARA MENORES DE IDADE E NON DEIXARON FIRMAR A UN SÓ PROXENITOR

No caso de persoas abonadas menores de idade, considero tamén desproporcionado que se esixa a sinatura presencial de ambos proxenitores como requisito xeral para a renovación, sen prever alternativas suficientes. Esta esixencia pode resultar especialmente gravosa para familias separadas, monoparentais, proxenitores que residan en localidades distintas, situacións de custodia exclusiva, conflito familiar, imposibilidade laboral, enfermidade, discapacidade ou outras circunstancias xustificadas. A renovación ordinaria dun abono dun menor debe poder realizarse mediante medios menos restritivos, como a sinatura dun dos proxenitores, conforme ao **artigo 156 do Código Civil**, que permite o exercicio da patria potestade por un deles co consentimento expreso ou tácito do outro, isto é, cando non conste oposición do proxenitor non asinante, especialmente tratándose da renovación dunha condición que o menor xa viña ostentando, cando menos, desde a tempada pasada. A non consideración desta circunstancia pode prexudicar directamente o menor abonado, ao expoñelo á perda da súa localidade ou dos dereitos asociados por unha carga formal excesiva.

O QUE SE SOLICITA:

PREGO QUE O REAL CLUB DEPORTIVO DE A CORUÑA, S.A.D E RECTIFIQUE SOBRE AS CONDICIÓNS IMPOSTAS PARA A RENOVACIÓN DO ABONO DE MARATHON INFERIOR, ASÍ COMO O RESTO DAS CONDICIÓNS PARTICULARES QUE NON RESPECTAN OS DEREITOS DOS ABONADOS.

Así mesmo, **REQUIRIMOS AO CLUB PARA QUE ELIMINE CALQUERA CLÁUSULA QUE PERMITA OBTER E CONSERVAR COPIA OU IMAXE DO DOCUMENTO IDENTIFICATIVO SEN UNHA NECESIDADE ESTRITA, CONCRETA, PROPORCIONADA E DEBIDAMENTE INFORMADA**.

Nomeadamente**, REQUIRIMOS AO CLUB PARA QUE REVISE E MODIFIQUE A CLÁUSULA DE INTRANSFERIBILIDADE ABSOLUTA DO ABONO DE MARATHON INFERIOR, SUBSTITUÍNDOA NO SEU CASO POR UN SISTEMA DE CESIÓN OFICIAL, NOMINATIVA E CONTROLADA, PROPORCIONADO Á FINALIDADE DE IDENTIFICACIÓN E SEGURIDADE QUE O CLUB PRETENDA GARANTIR,** por esixir un cupo de asistencia que non ten en conta circustancias que poden minorala tales como enfermidade, traballo, causas de forza maior o non poder garantir a asistencia acompañada de menores (**Esta circunstancia debe valorarse de maneira especialmente reforzada no caso de que o menor teña recoñecida unha discapacidade)**, e que conlevan a pérdida de abono e a posibilidade de renovación

A PRESENTE RECLAMACIÓN NON TEN POR OBXECTO PRINCIPAL A DEVOLUCIÓN DUNHA CANTIDADE CONCRETA, SENÓN A REVISIÓN, REVOGACIÓN OU MODIFICACIÓN DE CONDICIÓNS CONTRACTUAIS IMPOSTAS PARA A RENOVACIÓN E CONSERVACIÓN DOS DEREITOS DO ABONADO.

NOME DA EMPRESA: R.C. DEPORTIVO A CORUÑA S.A.D **NIF:** A15023070 **ENDEREZO:** RÚA MANUEL MURGUÍA S/N 15011 A CORUÑA, **DATOS DE CONTACTO DA EMPRESA**: 981 259 500 / atencion.deportivista@rcdeportivo.es / rcdeportivo.es